



TRÍADE

COLECTIVO GLOVO

retrato de tres mulleres

COLECTIVO
GLOVO



PEZA PARA RÚA E ESPAZO NON CONVENCIONAL

15 MINUTOS

SINOPSE

Érase unha vez unha sociedade que deu aos deuses por mortos e que permitiu que algunhas mulleres se apoderaran de vellos símbolos.

O resultado foi un código independente, positrónico, baseado na risa, na complicidade e na linguaxe propias.



A woman with dark hair is lying on her back on a light-colored wooden floor. She has a piece of light green moss on her forehead. Two hands are gently touching the moss on her forehead. In the foreground, two other women are lying on their backs, also with moss on their foreheads. The woman on the left is wearing a blue and white patterned top and looking towards the camera. The woman on the right is wearing a light green top and has her eyes closed. The background is a plain, light-colored wall.

IDEA ORIXINAL

TRIADE ten como punto de partida esa necesidade de xuntarse, vincularse e bailar desde o coidado e a escoita nun espazo feminino que procure unha xenealoxía feminina, un orden simbólico persoal e independente, inspirado pola **triada luar** e a súa idea do eterno retorno

- vida, morte e renacemento – resultando nunha peza de curto formato para espazo non convencional con marcado carácter ritualesco e de culto ás ancestras e ás raíces.

AS DETONANTES

Esther, Paula e Sybila son tres mulleres, creadoras e intérpretes, que se reencontran tras anos sen verse.

Neste tempo, cada unha laborou no seu percorrido profesional -e personal-. Neste intre, as tres se atopan nun momento vital similar: a necesidade do autocoidado no proceso e o retorno á raíz.

Obxectivo **bailar xuntas**

Prioridade escoitarse

Enfoque **o movemento**

Exposición proposta bailada

Accesorios **os corpos actuais**

Instrumentos os corpos ancestrais

Metodoloxía **vincularse**





COLECTIVO
GLOVO

TRAXECTORIA

Colectivo Glovo é unha compañía de danza galaico-portuguesa con sede en Galicia, codirixida por Hugo Pereira e Esther Latorre.

Paralelo á creación escénica, a cía. busca aportar semente ao tecido artístico presente na comunidade xenerando espazos de colaboración con outras agrupacións e artistas procurando o achegamento entre o maior número de creadores e intérpretes, non só en Galicia senón cunha gran proxección internacional.

Formou parte do circuito **Red Acieloabierto** 2020 e 2023, do catálogo **Danza a Escena** 2021 e 2023, do catálogo de recomendación da Comisión Asesora do **Programa.cat 2023** de Cataluña, do circuito de **Danza de Euskadi 2023**, **La Cultura Contraataca** de Cantabria 2023, entre outros.

Colectivo Glovo dirixe as residencias de investigación [Atopémonos Bailando](#) de Lugo.



TRABALLOS ANTERIORES

Desde 2016, a compañía traballa activamente na creación de espectáculos de danza para **teatro e espazo non convencional**.

Entre os seus traballos destacan **EM·NA** (2021, Subvencionado pola Agadic), **TABÚ** (2022, Coproducción co Centro Coreográfico Galego), **ALLEO** (2022) ou **XENÉRICA** (2023) entre outros.

Coas súas pezas recibiu o **Primeiro Premio** no Certame Burgos & NY, **Premio do Público** no Certame Sólodos Endanza, **Premio CORPOMOBILE** en Italia, **Premio GATADANS** e **Premio LAS NOCHES DEL PATRIMONIO** no Certame DZM 2023, entre outros

Tamén, colaborou en proxectos de fotografía, moda, videoproxección e instalación para diferentes artistas e empresas.

Os seus traballos pódense visualizar [aquí](#).



compañía

ESTHER LATORRE

Lugo - Codirección, coreografía e interpretación

Galega de nacemento, completa a súa carreira graduándose en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, formando parte da primeira promoción de profesionais en danza contemporánea de Galicia, diplomándose tamén en Maxisterio de Educación Física na mesma cidade. Foi merecedora do **Premio á excelencia** como intérprete de danza contemporánea.

Desde entón, traballou con compañías en España e Portugal, destacando a compañía Maduixa Teatre como intérprete da peza "Mulier" galardoada co **Premio Max** a Mellor Espectáculo de Rúa, **Premio Moritz** Millor Estrea de Carrer 2016, **Premio Umore Azoka** 2017 (País Vasco) e **Premio Artes Escénicas Valencianas** do IVC en 2018) así como en diversas coproducións co Centro Coreográfico Galego.

Foi tamén merecedora do **primeiro premio** no Certame coreográfico Delmar (Valencia), gañadora do **premio a Mellor Intérprete en Danza Contemporánea** no 11º Certame de danza Gerard Collins e foi alumna bolseira na Anton Bruckner Privat universität für Musik, Tanz und Schauspiel de Linz, Austria.

Codirixe a cía de danza Colectivo Glovo e o programa de residencias artísticas e investigación Atopémonos Bailando de Lugo.



compañía

HUGO PEREIRA

Porto - Codirección e coreografía

Natural de Porto, comeza a súa formación no Conservatorio de danza JOBRA. Recibe diversas formacións en danza con mestres como Akram Khan Dance Company, SagiGross (Gross Dance Company, NEDERLANDS), Shirley Esseboom (NEDERLANDS), Víctor Hugo Pontes (Nome Proprio, PORTUGAL), Inês Negrão (PORTUGAL), Bruno Alexandre (PORTUGAL), Carmela García (Otradanza, ESPAÑA), Julia Weh (ALEMAÑA), Romulus Neagu (PORTUGAL), Daniel Abreu (ESPAÑA), Diego Anido (ESPAÑA)... Formou parte da Companhia de Dança do Norte na produción de 2015-2016 "Barulhos Nossos" e participou en diversos festivais nacionais e internacionais de creación.

É tamén titulado en Especialización en produción e xestión de artes escénicas polo Instituto de Xestión Cultural e Artística da Universidade Europea Miguel de Cervantes. Actualmente está centrado na codirección de Colectivo Glovo, sendo premiado co **Primeiro premio** no Certame Coreográfico Internacional de Burgos & New York – Bailando con pedras ou o **Premio do Público** no Certame Iberoamericano Sólodos Endanza, entre outros. Foi tamén merecedor da **Bolsa Barcelona Internacional Dance Exchange (BIDE)** no 35º Certame Coreográfico de Madrid.

Codirixe a cía de danza Colectivo Glovo e o programa de residencias artísticas e investigación Atopémonos Bailando de Lugo.

COLECTIVO
GLOVO



apoios ao proxecto

- **A Casa Vella** residencias (Allariz - Ourense)
- **L'Estruch Fàbrica de Creació** (Sabadell)
- **Residencias DANTZALABEA** Teatro Barakaldo (Bizkaia)
- **Bienal Danza Contemporánea** - Macedo de Cavaleiros (Portugal)



COLECTIVO
GLOVO





COLECTIVO
GLOVO

www.colectivoglovo.com

604002295

colectivoglovo@gmail.com

